



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Cultura Latina Medieval		Código	613G02033
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo de diversos aspectos do sistema literario da Idade Media latina, en particular relacionados coa produción do texto: fontes básicas, relación con outras culturas, xéneros, etc. Dada a pertencencia da materia ao Grado en galego e portugués, prestarase especial atención á relación entre a cultura literaria latina da Idade Media e a galego-portuguesa.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria no campo dos estudos latinos medievais	A1		
	A29		
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios latinos da Idade Media utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
	A16		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina da Idade Media.	A11		
	A13		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información especializados no campo dos estudos latinos medievais.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos medievais.		B3	
		B6	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas, particularmente a historia das literaturas medievais vernáculas.		B5	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento, de exercer o pensamento crítico e apreciar a diversidade cultural.		B7	
		B8	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cuestións preliminares.	1.1. Arredor dos conceptos de literatura e cultura 1.2. A Idade Media: concepto e periodización 1.3. O latín como lingua literaria na Idade Media 1.4. O contorno social da literatura latina medieval
2. A literatura latina da Gallaecia tardoantiga e medieval	2.1. A época da Antigüidade Tardía 2.2. Testemuños altomedievais 2.3. O fenómeno xacobeo
3. Relacións entre literatura latina e literatura galega na Idade Media	3.1. Canles de comunicación entre a literatura latina e a literatura galega 3.2. Influencias nas formas poéticas 3.3. Influencias nas formas prosísticas
4. Tradición medieval na literatura galega dos séculos XIX e XX	4.1. Historiografía 4.2. Novela histórica 4.3. Narrativa de ficción 4.4. Teatro

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A2 A16	16	16	32
Traballos tutelados	A11 B6	0	16.5	16.5
Lecturas	B1 B3 B8	0	30	30
Análise de fontes documentais	A1 A2 A29	0	15	15
Proba mixta	B5 B7	2	0	2
Sesión maxistral	A13	16	0	16
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Traballos tutelados	Pequenos traballos que se irán indicando ao longo do curso relativos aos temas de aprendizaxe colaborativa, onde o alumno terá que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e/ou aplicación dunha metodoloxía concreta.
Lecturas	Lectura dos manuais, artigos e monografías que se indiquen para cada tema, así como dos materiais que se poñan a disposición do alumnado a través da plataforma de teleformación.
Análise de fontes documentais	Análise dos textos medievais que se comentarán especialmente nas sesións maxistrais e de aprendizaxe colaborativa. Indicarase ao longo do curso os textos e as traducións recomendadas.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Os traballos estarán relacionados cos temas destinados á aprendizaxe colaborativa. Consistirán en comentarios de textos, recensións de artigos, aplicacións de métodos de análise ou outras actividades puntuais que se consideren proveitosas para a autoaprendizaxe do alumno. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos no horario de titorías ou previa cita co alumno.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A13	Asistencia ás aulas.	10
Aprendizaxe colaborativa	A2 A16	Participación nas sesións prácticas e realización das tarefas que se encomenden.	15
Traballos tutelados	A11 B6	Entrega dos traballos que se indiquen e boa cualidade dos mesmos	25
Proba mixta	B5 B7	Responder correctamente a cuestións sobre o programa da materia nun exame escrito que se realizará na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade. Para poder superar a materia será necesario obter na proba mixta un mínimo de 5 puntos sobre 10.	50

Observacións avaliación
As cualificacións polos traballos tutelados, asistencia ás sesións maxistras e traballos de aprendizaxe colaborativa manteranse nas convocatorias de xuño e xullo. Os estudantes que, por teren dispensa académica, non asistan ás sesións maxistras e prácticas deberán preparar pola súa conta os traballos e actividades programados para a avaliación da materia. A cualificación ponderada será: 50% (traballos); 50% (proba final) Os estudantes recibirán a cualificación de Non Presentado en caso de non asistiren ás probas finais das oportunidades de maio e xullo

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Amado, T. (). Estudos Clásicos e Bibliografía: http://www.gfc-usc.org/?q=es/node/98. - Cavallo, G.-Leonardi, C.-Menestò, E. (eds.) (1993-). Lo spazio letterario del Medioevo. 1. Il Medioevo latino. Roma - Curtius, E. R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina. México-Madrid-Buenos Aires - Díaz y Díaz, M. (1985). Visiones del más allá en Galicia durante la Alta Edad Media. Santiago de Compostela - Dronke, P. (1968). Medieval Latin and the Rise of European Love-Lyric. Oxford - Dronke, P. (1995). La lírica en la Edad Media. Barcelona - Genicot, L. (dir.) (1972-). Typologie des sources du Moyen Âge occidental. Turnhout - Leonardi, C. (ed.) (2002). Letteratura latina medievale (secoli VI-XV). Un manuale. Firenze - López Díaz, X. (trad.) (2013). Códice Calixtino. O liber Sancti Iacobi en galego. Santiago de Compostela - López Pereira, J.E. (1989). O primeiro espertar cultural de Galicia: cultura e literatura nos séculos IV e V. Saantiago de Compostela - Moralejo Álvarez, J.L. (1980). "Literatura hispano latina", en: Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 15-137. Madrid - Moralejo Álvarez, J. L. (2002). La poesía latina medieval: apuntes para una clasificación genérica. León - (). Bibliotheca Augustana &lt;http://www.fh-augsburg.de/~harsch/a_alpha.html&gt;. - (). Latin Library &lt;http://www.thelatinlibrary.com/&gt;.
Bibliografía complementaria	A bibliografía complementaria indicárase con cada tema

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías